



Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a vinte de outubro de dous mil catro.

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado *Monte A Veiga e Teixugos*, por solicitude dos veciños de Fonte Arcada e O Mosteiro, do Concello dos Blancos (Ourense).

Resultando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en sesión celebrada en data 18 de maio de 2000, acorda iniciar a clasificación do monte *A Veiga e Teixugos* que foi solicitada en data 5 de maio de 2000 polos veciños de Fonte Arcada e O Mosteiro como ampliación na tramitación do expediente de clasificación do monte "Esperón, Serra Ladeiras e O Viso".

Resultando que o Xurado Provincial en sesión celebrada en data 18 de maio de 2000, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar o expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Manuel Bouzas Costa e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo na mesma sesión. Remíttense comunicacións dirixidas aos veciños do lugar de do lugar de Fonte Arcada e O Mosteiro, ao presidente da Deputación provincial de Ourense, ao alcalde do Concello dos Blancos, á Delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro,





e ao xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente e á Delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; Servizo de Estructuras Rurais, e ao Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia.

Publicáronse edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello dos Blancos, segundo consta en dilixencia estendida ao dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado dun mes os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos.

Resultando que segundo informa o Servizo de Montes e II' e desprazados os instructores ao terreo, apréciase a existencia de instalacións dunha granxa industrial sita na zona norte da parcela A Veiga, no límite dos concello de Porqueira e Calvos de Randín.

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, como segue:

Anotación preventiva letra A, das leiras nº 7.382, ao folio 90, do tomo 679, libro 33, dos Blancos

Resultando que citada a Sociedade Cooperativa Coren en calidade de interesada, presenta alegacións nas que manifesta en resumo o seguinte:



- Que a referida explotación gandeira pertence a unha das cooperativas integradas en COREN denominada Cooperativa Agroganadera da Piúca, se ben ten cedida estatutariamente a xestión administrativa e xurídica a favor de COREN

- Que COREN adquiriu do concello dos Blancos en pública subhasta e mediante escritura pública outorgada perante o Notario de Xinzo de Limia o día 28 de novembro de 1997 a leira rústica no sitio da Veiga cunha superficie de 13 ha 26 a, cos lindeiros:

N: Termo Municipal de Porqueira e veciños de Aspra.

S e L: Termo Municipal de Calvos de Randín, Edelmiro García Lamas e outros.


O: Termo Municipal de Calvos de Randín e Porqueira

- Que a leira figura inscrita como ben patrimonial do concello e libre de cargas.

-Que a Cooperativa Agroganadera da Piúca S.L. procedeu a inscribir a súa adquisición no Rexistro da Propiedade

Do escrito presentado pola Sociedade Cooperativa COREN dáse traslado ao concello dos Blancos, sen que consten presentadas alegacións.

Os veciños de Fonte Arcada e O Mosteiro promotores da clasificación do monte, solicitan mediante escrito de data 2 de xuño de 2004 a clasificación das parcelas obxecto deste procedemento que dende tempo inmemorial veñen





posuíndo en réxime de comunidade sen asignación de cotas, manifestando ademais que :

-Con data 10/05/1996 foi solicitada a clasificación de tódolos montes que pertencen aos lugares de Fonte Arcada e O Mosteiro que dende tempos inmemoriales, os veciños dos citados lugares viñan aproveitando e posuíndo sen asignación de cotas.

Que o día 05/05/2000 os veciños entregamos o plano dos montes da nosa propiedade, que nos foron requeridos, trala notificación polo Xurado de Montes por un total de 181,97 ha, superficie obtida por levantamento GPS. O plano aportado foi o resultado da identificación por parte dos veciños que participaron na identificación dos lindeiros tanto coas comunidades colindantes como cos propietarios particulares. Eran os montes que historicamente viñan aproveitando dende tempo inmemorial

Que en data 17/05/2000 o Xurado de Montes acorda a resolución dos expedientes como veciñais en man común do "Serra Ladeiras, Esperón e O Viso" e exclúense dúas parcelas que estaban fóra dos lindes e acórdase iniciar a súa clasificación coa denominación de "A Veiga (parte do Monte Serra Ladeiras) e Viso II (parte do monte Viso). Dado que se pediu a clasificación de tódolos montes non se entende a exclusión desta dúas dado que o monte era todo o mesmo e así fóra considerado polos veciños que xunto co técnico levantaron o plano.





Neste medio tempo, o alcalde dos Blancos vende á Cooperativa Agroganadera A Piúca 13,26 ha do monte Serra Ladeiras no lugar denominado A Veiga.

O concello dos Blancos inscribe no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia a citada parcela o día 16/05/1997.

Segundo copia de documento procedente do concello dos Blancos con data 27/01/1998 o Pleno da Corporación Municipal acorda subvencionar cada ano aos veciños de Fonte Arcada e O Mosteiro coa cantidade 800.000 ptas, como compensación pola venda dos terreos municipais sitos nos pobos de Fonte Arcada e O Mosteiro, para que os veciños xestionen dalgún xeito unha parte destes beneficios que eles mesmos co seu traballo ao longo destes anos coidando destes montes xeneran. O citado convenio segundo o documento terá unha duración indefinida.

É significativo que o concello venda un monte que di que é municipal e logo deixe renda vitalicia aos pobos que solicitaron a clasificación como veciñal en man común.

O día 13/02/1998 a Cooperativa Agroganadera A Piúca, inscribe no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia a parcela descrita con anterioridade.

Enténdese que os montes veciñais en man común son bens imprescritibles, indivisibles, inalienables, inembargables.. Cabe dicir, que declarar un ben imprescritible e tamén declaralo inalienable e por esto último non é susceptible de prescripción a consecuencia da doutrina recollida no artigo 1936 do C.Civil segundo a cal, só cabe usucapir o que é transmisile e non prescribe, as cousas extra commercium. Que por estar fóra do comercio dos homes non é divisible.





que non se pode enaxenar non é susceptible de embargo. A traba dun ben que non se poida vender ou adxudicar en subhasla será enteiramente inútil.

O monte tamén é inalienable antes de ser clasificado, a sentenza do TSXG do 08/05/1998 anula a enaxenación dun mvme realizada antes de estar clasificado como tal, unha parte por permuta e outra por venda, concertadas cando figuraba como monte de propios do concello e inscrita a favor deste no rexistro da propiedade. Conforme a natureza puramente declarativa non constitutiva da clasificación do xurado "a natureza como veciñal en man común dun monte é un carácter inherente ao mesmo ... sen que a declaración transforme a súa natureza xurídica xa que o único que fai é recoñecela e individualizala, conservando o seu carácter e características antes e despois dela."

Entenden que a comunidade preexiste ao xurado e ao xulgado. A clasificación do monte polo xurado non é un acto de valor constitutivo, senón de recoñecemento dunha realidade. Confirmao a sentenza do 29/10/1996 da Sala do Civil e Penal do TSXG (recurso 8/96: a consideración e subseguinte cualificación xurídica dos montes veciñais en man común constitúe un prius verbo do acto de clasificación do xurado, xa que este simplemente constata con efectos unicamente declarativos, non constitutivos, os requisitos que configuran aquela forma de propiedade en réxime de comunidade xermánica.

O mecanismo de clasificación instaurado na Lei de mvme de 1968 ten por obxecto constatar a existencia dos mesmos cun sentido de reparación histórica para o esclarecemento da administración que veu practicando inxerencias e abusos en detrimento das comunidades propietarias dos mesmo. Ó clasificar os





montes os xurados non os crean nin erixen a comunidade, recoñécense como unha realidade anterior, o artigo 1 da Lei 13/89... se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade ... polos membros daquelas na súa condición de veciños,

Polo que solicitan ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común teña a ben clasificar as parcelas de monte xa referidas dado que dende tempo inmemorial veñen posuíndo en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, polos veciños de Fonte Arcada e O Mosteiro.

Que ante as alegacións presentadas por Cooperativas Ourenseñas S. Coop. Galega, non deben ser impedimento para que os montes da nosa propiedade sexan clasificados polo Xurado de Montes, reservándonos os dereitos xurídicos contra quen dispuxo da nosa propiedade.

Solicitado informe á Asesoría Xurídica – Gabinete Territorial de Ourense- este conclúe que á vista do artigo 2 da Lei Galega do 10 de outubro de 1989 de montes veciñais en man común, e o art. 27 do seu Regulamento procede continuar a tramitación do expediente de clasificación do monte, habida conta que a súa inserción no Rexistro da Propiedade, asignado á Cooperativa Agroganadera da Piúca S.C.I., non é óbice para a citada tramitación

Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron tódalas formalidades legais.





Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescritible e inembargable; e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedir a "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños dos lugares de Fonte Arcada e O Mosteiro, no concello dos Blancos.





Considerando que de acordo co artigo 2 da Lei 13/89 os montes veciñais en man común son bens inalienables, imprescritibles, indivisibles e inembargables, constituíndo esta natureza un carácter inherente ao monte con carácter preexistente.

Considerando que o artigo 27 do Regulamento di: ... *No caso de que o ben clasificado estivese incluído no Inventario de Bens Municipais ou no Catálogo de Montes de Utilidade Pública, nin os concellos nin a Administración estarán obrigados a impugnar a resolución do xurado.*

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños dos lugares de Fonte Arcada e O Mosteiro, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños dos lugares de Fonte Arcada e O Mosteiro, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento: o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así





establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 106/2004, do 27 de maio de 2004, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

Primeiro. - Clasificar o monte coa denominación *A Veiga e Teixugos*, de 35,5224 ha, en conxunto, aproximadamente de superficie a favor dos veciños dos lugares de Fonte Arcada e O Mosteiro, no Concello dos Blancos (Ourense), e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: Os Blancos (Ourense)

Denominación: Monte "A Veiga e Teixugos"

Comunidade propietaria: veciños de Fonte Arcada e O Mosteiro

Superficie: 35,5224 hectáreas, aproximadamente.





Monte A Veiga:

Superficie: 33,479 hectáreas aproximadamente

Estremas:

Aspra

Norte: Termo municipal de Porqueira e monte dos veciños da

Sur: Leiras particulares de Fonte Arcada e O Mosteiro

Leste: Camiño e leiras particulares do O Mosteiro

Oeste: Camiño (que coincide con termo municipal de Calvos de Randín)

Monte Teixugos:

Superficie : 2,0434 hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: leiras particulares de Fonte Arcada e O Mosteiro.

Sur: leiras particulares de Fonte Arcada e O Mosteiro

Leste: leiras particulares de Fonte Arcada e O Mosteiro

Oeste : leiras particulares de Fonte Arcada e O Mosteiro

Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.



Notifíquese esta resolución ao concello dos Blancos (Ourense) , aos representantes da comunidade veciñal, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, aos que se lles fará saber que esta






resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.)





A Veiga - Superfície: 33,479 ha.




Teixugos - Superfície: 2,0434 ha


Superfície en conxunto: 35.5224 ha



E: 1/10.000

MONTE "A VEIGA E TEIXUGOS" DOS VECIÑOS
DE FONTE ARCADA E MOSTEIRO (Concello de Os Blancos)





VÉRTICES DA POLIGONAL

1	598761.2	4649288.5	30	599690.6	4649003.4
2	598986.5	4649424.0	31	599507.9	4648981.3
3	599126.7	4649553.2	32	599468.5	4648957.7
4	599244.8	4649490.1	33	599451.2	4648986.1
5	599380.3	4649499.6	34	599424.4	4648987.6
6	599547.2	4649589.4	35	599402.3	4649001.8
7	599663.8	4649620.9	36	599421.2	4649031.8
8	599698.5	4649578.4	37	599402.3	4649064.8
9	599761.5	4649561.0	38	599408.6	4649110.5
10	599786.7	4649535.8	39	599356.6	4649217.6
11	599838.7	4649442.9	40	599323.6	4649250.7
12	599815.0	4649417.7	41	599224.3	4649249.1
13	599774.1	4649390.9	42	599090.4	4649190.9
14	599752.0	4649400.4	43	599051.1	4649279.1
15	599752.0	4649427.1	44	598953.4	4649200.3
16	599671.7	4649469.7	45	598880.9	4649099.5
17	599566.2	4649320.0	46	598857.3	4649045.9
18	599555.1	4649246.0	47	598836.8	4649055.4
19	599578.8	4649195.6	48	598806.9	4649038.1
20	599607.1	4649192.4	49	599317.7	4646891.5
21	599720.5	4649083.7	50	599422.8	4646909.0
22	599717.4	4649063.3	51	599431.3	4646791.6
23	599758.3	4649044.4	52	599472.2	4646796.7
24	599788.3	4649083.7	53	599456.6	4646985.0
25	599870.2	4649088.5	54	599433.9	4647009.7
26	599873.3	4649060.1	55	599398.2	4647024.6
27	599830.8	4648975.0	56	599356.6	4647011.0
28	599788.3	4648942.0	57	599332.6	4646993.4
29	599744.1	4649028.6	58	599319.0	4646968.1



▲ Vértices

□ a veiga

□ teixugos



ESCALA
1 : 10.000

MONTE "A VEIGA E TEIXUGOS"
DO VECIÑOS DE FONTEARCADA E MOSTEIRO
(CONCELLO DE OS BLANCOS)